



Propostas para as ordenanzas fiscais de 2017

Por orde sistemática, as propostas que propomos incluír son:

- Ordenanza fiscal nº 9. Modificar a redación deixando claro cantas cadeiras corresponden a unha mesa, modificar os grupos e bonificar negocios no Casco Histórico. Propónse a título orientativo esta redación:

Unha mesa corresponderase con catro cadeiras. Segundo excedan do metro de lonxitude, tributarán como dúas. Se pasan dos dous metros, contabilizaranse como tres e así sucesivamente.

- *O primeiro grupo comprenderá: rúa Ferradores, praza Domingo Echeverría Naveira, Cantón Claudino Pita, praza de Galicia, praza Irmáns García Naveira e cantón de San Roque.*
- *O segundo grupo comprenderá o resto das vías públicas. No mes de agosto o grupo I tributará a cota mensual de mesas e cadeiras diariamente. Establecerase unha bonificación do 30% para os negocios que estén ubicados dentro do ámbito de aplicación do PEPOCH, exceptuando os emprazados nas rúas ubicadas no grupo I.*

- Ordenanza fiscal nº 12. Non está previsto gravar a ocupación de vía pública coa instalación de guindastres dentro das distintas categorías previstas. Tendo unha ocupación efectiva de solo de maneira privativa, entendemos que procedería gravalo.
- Ordenanzas fiscais nº 14, 21, prezo público nº2: as bonificacións para matrículas en actividades deberían ser similares en todas as ordenanzas, polo que propoñemos equiparalas en todas, bonificando o carné xove, carnés de estudantes e similares e para persoas en desemprego. Non hai bonificación tampouco para vítimas de violencia machista, habería que as introducir e homoxeneizar en todas as ordenanzas. A maiores, tanto na ordenanza nº 14 como no prezo público nº2 están previstas unhas bonificacións ilegais do 100% da contía por pertencer a determinadas agrupacións musicais. Habería que retiralas.
- Figuran tamén unha serie de taxas e prezos (entrada ao Pasatempo, actividades nos centros sociais hai uns anos, escola municipal de teatro) que ou non se están a cobrar ou non existen tais feitos impoñíbeis. O lóxico é derrogar estas partes.

- Ordenanza nº 17. Ao funcionar como sanción (recadas porque hai que retirar un vehículo que incumpre a normativa) parece lóxico incrementar a contía.
- Ordenanzas nº 17 e 20. Propomos derogar a ORA e substituíla por un sistema de rotación gratuíto a regular nunha ordenanza non fiscal.
- Ordenanza nº21: Defendemos que se inclúa o desconto da cota o tempo que pecha a piscina ao pé da táboa de tarifas.
- Prezo público nº 2. Defendemos derogar os prezos por alugar espazos municipais, tanto no Edificio Arquivo como no taboleiro electrónico. Déixase fóra deste alugueiro o edificio do Matadoiro, que si se ven cedendo gratuitamente para eventos crematísticos de promotores privados (que se se pretende manter este uso si que debera estar gravado o alugueiro).



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO BETANZOS